

ACTA VIII

Acta do Tribunal para a selección do persoal directivo, docente e do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego "RENOVA VII". Fase de revisión de reclamacións á baremación e resultados definitivos do proceso de selección do persoal directivo e docente.

No Centro de Formación e Emprego do Concello de Ames, sito en Aldea Nova, sendo as 9:00 horas do día 22 de novembro do 2024, reúnese o Tribunal encargado da selección do persoal directivo, docente e do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego "RENOVA VII", comparecendo os seguintes membros:

Presidente: Pablo Bello Nieto, Concello de Ames.

Secretaria: Dolores Landeira Liñares, Concello de Brión.

Vogais:

Juan Carlos Carreja Iglesias, Concello de Ames.

Ana Sánchez, Fontán, Concello de Brión.

María Lloves Castro, Concello de Ames.

Obxecto da sesión:

Constitúe o obxecto da presente sesión a corrección de erro detectado na valoración no apartado de "Experiencia profesional" no posto de "Director/a" así como o exame e resolución das alegacións formuladas en relación aos resultados provisionais do proceso selectivo, e a determinación dos resultados definitivos do proceso de selección do persoal directivo e docente.

Corrección de erro:

Detectado erro na Acta 6 correspondente á "Fase de baremación do persoal directivo e docente" no cómputo da valoración no apartado "Experiencia Profesional" no posto de "Director/a":

No Anexo I:

Onde figura a "Experiencia profesional (máx. 8 ptos.)", ésta foi valorada erróneamente ata un máximo de 7 puntos, debendo valorarse ata un máximo de **8 puntos**.

Polo que a valoración correcta correspondente a este apartado quedaría:

APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 8 ptos.)
PAZ LEÓN JUAN PABLO	7,15
NOVO LOMBAO ANDRÉS	7,59
SANTOS TORRADO LIDIA	3,65
DIÉGUEZ TABOADA EVA	1,27
SESTAYO GONZÁLEZ URBANO	2,50
CASTRO GARCÍA NURIA	0,00

Alegacións presentadas. Análise e resolución:

Por parte dos interesados, dentro do prazo concedido, formuláronse as seguintes reclamacións ou alegacións:

Andrés Francisco Novo Lombao:

1º - Presenta alegacións ao cómputo para a valoración da "Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional".

2º - Solicita a revisión da puntuación relativa ao apartado "Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional"

3º - Solicita o incremento da puntuación no apartado "Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro":

- Por asimilación do título de Diplomatura a Grao, solicita o incremento de 0,5 puntos.
- No relativo a cursos de Posgrao universitario, Master e outros aportados, solicita a valoración no apartado das bases "Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro" e non no apartado "Cursos realizados"

Juan Pablo Paz León:

1º - Solicita a revisión da puntuación no apartado "Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro" e que se teñan en conta os méritos aportados detallados no escrito de reclamación.

De conformidade coa anterior motivación, o **Tribunal acorda:**

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por:

Andrés Francisco Novo Lombao

- Desestímase a solicitude de incremento da puntuación no apartado "Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro: - Por asimilación do título de Diplomatura a Grao, solicita o incremento de 0,5 puntos":

A titulación aportada polo candidato corresponde a unha única titulación e segundo as bases do proceso selectivo "a titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante".

Segundo.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por:

Andrés Francisco Novo Lombao

- Estímase parcialmente a reclamación presentada en relación á puntuación no apartado "Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro" na formación que se detalla a continuación:

- "Master oficial Prevención Riesgos Laborales (3 especialidades)" (Universidad de Nebrija) - Master universitario máis de 500 horas: 1 punto.

- "Planificación y gestión medioambiental" (Universidad Politécnica de Madrid) - Posgrao universitario, ata 100 horas: 0.25 puntos.

Non se valoran os restantes cursos de especialización ou posgrao aportados ao non ser "titulacións relacionadas coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro".

Unha vez revisada a documentación achegada, compróbase que cumpre os requisitos mínimos e procédese a valoración dos méritos achegados: Titulación académica: 1,25 puntos; Experiencia profesional: 7,59 puntos; Cursos de formación: 2 puntos. Obtendo unha puntuación total nos méritos aportados de 10,84 puntos.

Terceiro.- Estimar as alegacións presentadas por:

Juan Pablo Paz León

- Estímase a reclamación presentada en relación á puntuación no apartado "Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro" na formación que se detalla a continuación:

- "Master Executive en Dirección Empresarial (MBA)" (Universidad de Nebrija) - Master universitario máis de 500 horas: 1 punto.

Unha vez revisada a documentación achegada, compróbase que cumpre os requisitos mínimos e procédese a valoración dos méritos achegados: Titulación académica: 2 puntos; Experiencia profesional: 7,15 puntos; Cursos de formación: 2 puntos. Obtendo unha puntuación total nos méritos aportados de 11,15 puntos.

Cuarto.- Aprobar o resultado definitivo do proceso selectivo do persoal directivo e docente e a proposta de contratación do persoal seleccionado así como a creación dunha lista de agarda, de conformidade co previsto no Anexo I desta acta.

Cumprido o obxecto da reunión, dáse por rematado o acto, sendo as 15:30 horas do día de referencia, do que se estende a presente acta que asinan os señores asistentes.



ANEXO I

RESULTADO DEFINITIVO DO PROCESO SELECTIVO

DIRECTOR/A:

POSTO: DIRECTOR/A - VALORACIÓN PROVISIONAL							
APELIDOS E NOME	ENTREVISTA PERSOAL (máx. 7 ptos.)	TITULACIÓN ACADÉMICA (máx. 2 ptos.)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 8 ptos.)	CURSOS DE FORMACIÓN (máx. 2 ptos.)	LINGUA GALEGA (1 PTO.)	BAREMACIÓN (MÁX. 13 PTOS.)	TOTAL
PAZ LEÓN JUAN PABLO	6	2	7,15	2	0	11,15	17,15
NOVO LOMBAO ANDRÉS	7	1,25	7,59	2	0	10,84	17,84
SANTOS TORRADO LIDIA	5	0,5	3,65	1,2	0	5,35	10,35
DIÉGUEZ TABOADA EVA	5,5	2	1,27	1,30	0	4,57	10,07
SESTAYO GONZÁLEZ URBANO	5	0,2	2,50	0,90	0	3,60	8,60
CASTRO GARCÍA NURIA	4,5	1,5	0,00	0,90	0	2,40	6,90

MESTRE /A FORMACIÓN ESPECIALIZADA EN INSTALACIÓN FOTVOLTAICAS:

POSTO: MESTRE/A CON FORMACIÓN ESPECIALIZADA EN INSTALACIONES FOTVOLTAICAS - VALORACIÓN PROVISIONAL								
APELIDOS E NOME	ENTREVISTA PERSOAL (máx. 7 ptos.)	TITULACIÓN ACADÉMICA (máx. 2 ptos.)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 7 ptos.)	CURSOS DE FORMACIÓN (máx. 2 ptos.)	FORMACIÓN DIDÁCTICA (máx. 1 pto.)	LINGUA GALEGA (1 pto.)	BAREMACIÓN (MÁX. 13 ptos.)	TOTAL
YÁNEZ BREA PATRICIA	7	0	5,5	2	1	0	8,5	15,5
VÁZQUEZ CAAMAÑO FERNANDO	6	0	2,75	0,2	0	0	2,95	8,95

MESTRE/A DE INSTALACIÓN ELÉCTRICAS EN EDIFICIOS DE VIVENDAS E MESTRE COMPLEMENTARIO DE INSTALACIÓN FOTVOLTAICAS:

POSTO: MESTRE/A COMPLEMENTARIO/A EN INSTALACIONES FOTVOLTAICAS - VALORACIÓN PROVISIONAL								
APELIDOS E NOME	ENTREVISTA PERSOAL (máx. 7 ptos.)	TITULACIÓN ACADÉMICA (máx. 2 ptos.)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 7 ptos.)	CURSOS DE FORMACIÓN (máx. 2 ptos.)	FORMACIÓN DIDÁCTICA (máx. 1 pto.)	LINGUA GALEGA (1 pto.)	BAREMACIÓN (MÁX. 13 ptos.)	TOTAL
REIMÓNDEZ SANMARTÍN ENRIQUE	4	---	---	---	---	---	EXCLUIDO (1)	EXCLUIDO
VÁZQUEZ CAAMAÑO FERNANDO	6,5	0	2,75	0,2	0	0,75	3,7	10,2

(1) Non achega documentación acreditativa dos méritos requiridos segundo o punto 5.1 "Consideracións xerais, apdo. Documentación."

TITOR/COORDINADOR/A DE FORMACIÓN DO OBRADOIRO RENOVA VII

POSTO: TÉCNICO/A COORDINADOR/A FORMACIÓN - VALORACIÓN PROVISIONAL								
APELIDOS E NOME	ENTREVISTA PERSOAL (máx. 7 ptos.)	TITULACIÓN ACADÉMICA (máx. 2 ptos.)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 7 ptos.)	CURSOS DE FORMACIÓN (máx. 2 ptos.)	FORMACIÓN DIDÁCTICA (máx. 1 pto.)	LINGUA GALEGA (1 pto.)	BAREMACIÓN (MÁX. 13 ptos.)	TOTAL
CORRAL GOIRIZ BEGOÑA CLEMENTINA	6,5	0	7	1,2	1	1	10,2	16,7
BOUZAS COLLADO ELIANA	5	2	1,52	0,7	1	0	5,22	10,22

AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO OBRADOIRO RENOVA VII

POSTO: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - VALORACIÓN PROVISIONAL							
APELIDOS E NOME	ENTREVISTA PERSOAL (máx. 7 ptos.)	TITULACIÓN ACADÉMICA (máx. 2 ptos.)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 8 ptos.)	CURSOS DE FORMACIÓN (máx. 2 ptos.)	LINGUA GALEGA (1 PTO.)	BAREMACIÓN (MÁX. 13 PTOS.)	TOTAL
CASANOVA TUÑAS M ^o CARMEN	6,75	1	8	1,5	1	11,5	18,25
CARRO CES MINIA	4	0,5	2,15	0,6	1	4,25	8,25
GARCIA COUCHEIRO CRISTINA	3,5	2	Non valorable (1)	0,5	1	3,5	7
PAMPÍN FONTAN TAMARA	3,5	0	Non valorable (1)	0,2	0,75	0,95	4,45
MARTÍNEZ GROVAS LUIS	5	2	3	0,2	1	6,2	11,2
SAYÁNS LÓPEZ LUIS	4,5	2	2,5	0,5	1	6	10,5
MIGUENS DOSIL ISABEL	6	1,5	6,23	1,1	1	9,83	15,83

(1) Non achega documentación acreditativa dos méritos requiridos (contratos) segundo o punto 5.1 Consideracións xerais, apdo. Documentación.

(Handwritten signatures and marks on the right side of the page)

Á vista das puntuacións acadadas, propónse a contratación das seguintes persoas seleccionadas e a creación das listaxes de agarda correspondentes para cada posto coa orde de prelación sinalado:

POSTO: DIRECTOR/A OBRADOIRO

SELECCIONADO/A:

NOVO LOMBAO, ANDRES FRANCISCO

LISTAXE DE AGARDA:

- 1º -PAZ LEÓN, JUAN PABLO
- 2º - SANTOS TORRADO, LIDIA
- 3º -DIÉGUEZ TABOADA, EVA
- 4º - SESTAYO GONZÁLEZ, URBANO
- 5º - CASTRO GARCÍA, NURIA

POSTO: MESTRE FORMACIÓN ESPECIALIZADA EN INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

SELECCIONADO/A:

YÁÑEZ BREA, PATRICIA

LISTAXE DE AGARDA:

- 1º - VÁZQUEZ CAAMAÑO, FERNANDO

POSTO: MESTRE/A COMPLEMENTARIO/A EN INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

SELECCIONADO/A:

VÁZQUEZ CAAMAÑO, FERNANDO

POSTO: TÉCNICO/A COORDINADOR/A FORMACIÓN

SELECCIONADO/A:

CORRAL GOIRIZ, CLEMENTINA BEGOÑA

LISTAXE DE AGARDA:

- 1º - BOUZAS COLLADO, ELIANA

POSTO: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

SELECCIONADO/A:

CASANOVA TUÑAS, MARIA CARMEN

LISTAXE DE AGARDA:

- 1º- MIGUENS DOSIL, ISABEL
- 2º- MARTÍNEZ GROVAS, LUIS
- 3º- SAYANS LÓPEZ, LUIS
- 4º- CARRO CES, MINIA
- 5º- GARCÍA COUCHEIRO, CRISTINA
- 6º- PAMPÍN FONTÁN, TAMARA